

## Contabilidade trimestral. Segundo trimestre de 2006 COMUNICADO

**O PIB da economía galega creceu un 3,9% no segundo trimestre de 2006.**

**O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, rexistra no segundo trimestre de 2006 un crecemento interanual do 3,2%.**


O Produto interior bruto xerado pola economía galega no segundo trimestre de 2006 rexistrou un crecemento do 3,9% con respecto ao mesmo período do ano anterior, medido en termos de índices de volume e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Este crecemento supera en dúas décimas ao crecemento rexistrado no trimestre anterior.

**PIB pm. Volume encadeado referencia 2000.  
Datos corrixidos de estacionalidade e calendario.  
Variacións interanuais**



A demanda interna contribúe con 3,6 puntos ao crecemento do PIB, oito décimas menos que no trimestre anterior, a achega da demanda externa neta é de 0,3 puntos porcentuais, un punto superior á do primeiro trimestre.

**Volume encadeado referencia 2000. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario.**



Fonte: IGE. Contabilidade trimestral.

O gasto en consumo final dos fogares creceu un 3,3% no segundo trimestre de 2006, un crecemento inferior en dúas décimas ao rexistrado no primeiro trimestre. Os indicadores de rendas salariais seguen unha evolución parella cun crecemento lixeiramente inferior ao do trimestre anterior debido ao maior crecemento da inflación e o mantemento do ritmo de crecemento da afiliación asalariada e dos incrementos salariais. Outros indicadores como as importacións de bens de consumo en termos reais e o índice de vendas de comercio polo miúdo tamén presentan menores crecementos que no trimestre anterior.

O gasto en consumo final das Administracións Públicas e Institucións sen fins de lucro creceu un 3,7%, dúas décimas menos que no trimestre anterior.

### Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)*

Operacións	2005				2006	
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	3,1	3,3	3,1	3,6	3,6	3,4
-Gasto en consumo final dos fogares	2,9	3,1	3,0	3,4	3,5	3,3
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	3,8	3,9	3,5	4,2	3,9	3,7
Formación bruta de capital	5,8	8,2	5,0	4,0	4,8	2,7
Demanda interna(1)	4,4	5,4	4,2	4,1	4,4	3,6
Exportacións de bens e servizos	2,2	3,3	3,8	5,5	9,9	8,5
Importacións de bens e servizos	3,6	5,7	4,3	5,6	9,3	6,6
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b>	<b>3,1</b>	<b>3,3</b>	<b>3,4</b>	<b>3,5</b>	<b>3,7</b>	<b>3,9</b>

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

(1) Achega ó crecemento do PIB pm.

2005, 2006 avance

A Formación bruta de capital creceu un 2,7%, 2,1 puntos inferior ao crecemento do trimestre anterior. Esta compoñente presenta un perfil descendente nos últimos trimestres como se pode

29 de setembro de 2006  
apreciar na serie de ciclo tendencia. O investimento en construción é o que está mantendo as altas taxas de crecemento do investimento, respecto a outros indicadores, a matriculación de vehículos de carga presenta crecementos inferiores aos do trimestre anterior e as importacións de bens de equipo continúan con taxas negativas.

Como xa se comentou anteriormente, a achega da demanda externa neta, que foi positiva no segundo trimestre, foi superior nun punto con respecto á achega do trimestre anterior. Isto é consecuencia do crecemento máis acelerado das exportacións que das importacións aínda que as súas taxas de crecemento son inferiores ás do trimestre precedente.

As exportacións creceron un 8,5% no segundo trimestre, 1,4 puntos menos que no trimestre anterior. A esta elevada taxa de crecemento contribúe en gran medida o positivo comportamento do turismo e as exportacións fóra de España. Pola súa parte, as importacións creceron un 6,6%, 2,7 puntos menos que no trimestre precedente.

Dende a perspectiva da oferta, destacan os elevados crecementos do sector industrial cun crecemento no segundo trimestre de 2006 do 4,8%, da construción cun crecemento do 3,9% e dos servizos cun crecemento do 4,0%.

As ramas agraria e pesqueira descenderon un 2,6% no segundo trimestre de 2006, crecemento inferior en 5,9 puntos ao rexistrado no trimestre precedente.

As ramas industrias creceron un 4,8%, crecemento inferior nunha décima ao rexistrado no trimestre precedente. As ramas de produtos enerxéticos aceléranse tres décimas con respecto ao trimestre anterior ata acadar un crecemento do 4,4% e as de produtos industriais diminúen o seu crecemento nunha décima alcanzando unha taxa interanual do 5,0%. Este crecemento está de acordo co crecemento experimentado polo Índice de produción industrial.

O sector da construción acadou unha taxa de crecemento interanual do 3,9%, o mesmo que no primeiro trimestre de 2006.

## Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)*

Operacións	2005				2006	
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Ramas agraria e pesqueira	-1,2	3,6	6,7	-1,1	3,3	-2,6
Ramas enerxéticas	-1,7	-1,5	-0,1	2,3	4,1	4,4
Ramas industriais	0,8	1,2	2,1	3,6	5,1	5,0
Construción	4,3	4,2	4,0	3,9	3,9	3,9
Ramas dos servizos	3,7	3,7	3,6	4,0	3,8	4,0
- Servizos de mercado	3,8	3,8	3,7	4,1	3,9	4,1
- Servizos non de mercado	3,3	3,5	3,6	3,8	3,5	3,4
Impostos netos sobre os produtos	5,9	4,8	2,7	2,2	3,0	3,8
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b>	<b>3,1</b>	<b>3,3</b>	<b>3,4</b>	<b>3,5</b>	<b>3,7</b>	<b>3,9</b>

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

<sup>(1)</sup> Achega ó crecemento do PIB pm.  
2005, 2006 avance

29 de setembro de 2006

Por último, o sector dos servizos presenta un crecemento do 4,0%, dúas décimas superior ao crecemento do trimestre precedente. A aceleración prodúcese nos servizos de mercado, que se aceleran tamén dúas décimas pasando do 3,9% do primeiro trimestre ao 4,1% no segundo. Os servizos non de mercado descenden unha décima quedando a súa taxa no 3,4%.

O PIB a prezos correntes presenta un crecemento do 8,1%, o que implica que o deflactor implícito presenta un crecemento do 4,1%, a mesma que a do trimestre anterior

A partir do primeiro trimestre de 2006, a Contabilidade trimestral incorpora estimacións da forza de traballo, concretamente estimacións dos postos de traballo e postos de traballo equivalentes a tempo completo.

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, rexistra no segundo trimestre de 2006 un crecemento interanual do 3,2%, dúas décimas menos que o estimado para o trimestre anterior. Esta taxa supón a creación de 33.630 postos de traballo a tempo completo nun ano.

O rasgo máis significativo desta evolución é o dinamismo da creación de emprego nas ramas dos servizos e da construción, que compensa a contracción de emprego das ramas agraria e pesqueira e enerxéticas.

Distinguindo por situación profesional o emprego asalariado amosou un maior dinamismo, acadando neste trimestre unha taxa de variación interanual do 3,9%, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo. O que supón a creación de 32.559 postos de traballo asalariados a tempo completo.

Desta maneira, considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego ocupado, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 0,7%, 1 décima por encima da cifra acadada no mesmo trimestre a nivel nacional.

## Emprego por ramas de actividade. Postos de traballo equivalentes a tempo completo

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)*

Operacións	2005				2006	
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
<b>POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO TOTAL</b>	<b>2,3</b>	<b>2,1</b>	<b>2,3</b>	<b>1,7</b>	<b>3,4</b>	<b>3,2</b>
Ramas agraria e pesqueira	0,4	-2,2	-2,3	-9,1	-1,2	-1,2
Ramas enerxéticas	-1,8	-1,3	-1,7	-2,0	-4,1	-4,2
Ramas industriais	-0,4	-0,6	0,0	0,3	1,7	2,3
Construción	3,0	3,0	3,0	3,9	3,6	3,8
Ramas dos servizos	3,3	3,6	3,8	3,9	4,8	4,3
- Servizos de mercado	3,8	4,1	4,3	4,5	5,0	5,0
- Servizos non de mercado	2,2	2,5	2,6	2,8	4,4	2,6
<b>POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO ASALARIADO</b>	<b>2,2</b>	<b>2,4</b>	<b>3,0</b>	<b>3,5</b>	<b>3,8</b>	<b>3,9</b>
Ramas agraria e pesqueira	-2,9	-5,4	-4,8	-3,6	-1,3	-0,7
Ramas enerxéticas	-1,5	-1,1	-1,7	-2,6	-3,9	-4,4
Ramas industriais	-0,2	-0,4	0,3	0,6	2,1	2,8
Construción	2,8	3,3	3,8	5,0	2,7	2,8
Ramas dos servizos	3,6	3,7	4,1	4,4	5,4	5,0
- Servizos de mercado	4,5	4,5	5,1	5,5	6,1	6,6
- Servizos non de mercado	2,2	2,5	2,6	2,8	4,4	2,6

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

(1) Achega ó crecemento do PIB pm.

2005, 2006 avance



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

29 de setembro de 2006

---

Para máis información:

**Instituto Galego de Estatística**  
**Complexo Administrativo San Lázaro s/n**  
**15703 Santiago de Compostela (A Coruña)**  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)